

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA ONCE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E UN.**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día once de marzo de dous mil vinte e un, ten lugar reunión en primeira convocatoria de Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria correspondente a este día. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Subín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa (sistema videoconferencia). Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro (sistema videoconferencia) e do interventor do Concello don Manuel Larrosa Rodríguez; sesión que se adoptan os acordos seguintes:

### **Orde do Día**

#### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN: 28.01.21**

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, aprobou a acta da sesión citada.

#### **2º.- APROBACIÓN DE PAGOS EN RELACIÓN Ó “PROXECTO CALENDARIO 2021”.-**

#### **INFORME-PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Rita Díaz González, Técnica de Xestión Cultural do Concello de Valdoviño, dacordo co APROBADO en Xunta de Goberno Local do 15 de decembro de 2020 en relación á realización de vales de consumo en empresa local con motivo da participación da veciñanza na proposta do calendario “CONCELLO DE VALDOVIÑO 2021”

#### **INFORMA**

Que atendendo á proposta realizada do PROXECTO CALENDARIO 2021 e tal e como se recolle na aprobación da Xunta de goberno Local indicada no parágrafo anterior , os vales de consumo en empresa local por importe de 50,00 (cincuenta euros) cada un foron adjudicados a un total de 14 persoas autoras das 21 fotografías que se presentan no devandito calendario, destinándose un total de 700,00 euros (setecentos euros) que quedan distribuídos en vales de consumo en empresa local tal e como de seguido se indica atendendo á petición de cada un dos receptores do vales :

1. Alejandro García Sousa. Vale de 50,00 euros. Consume en “Electrodomésticos Nito”
2. Marcos Veiga Fernández .Vale de 50,00 euros. Consume en “Electrodomésticos Nito”.

3. Rodrigo Díaz Castro . Vale de 50,00 euros. Consume en “Ferretería JOSVY” .
4. Maica Barro Gómez . Vale de 50,00 euros. Consume en “Cooperativa de Lago”.
5. Charo Guerra Pato. Vale de 50,00 euros. Consume en Confitería Campeiras : Patricia Fraga Sánchez
6. Victor José Vergara Villarnovo. Vale de 50,00 euros. Consume en Gasolineira Valdoviño
7. Jesús Ángel Viñas Lorenzo . Vale de 50,00 euros. Doa a Servicios Sociais do Concello de Valdoviño e se consume en “Carnicería Marina” por o usuario/a determinado polo departamento de servicios sociais.
8. Beatriz Leira Franco. Vale de 50,00 euros. Consume en Supermercado Eroski Valdoviño Toptip Galicia S.L.
9. Ana Rivas Vázquez. Vale de 50,00 euros. Consume en Cooperativa de Meirás.
10. Marcos Ferreira Villar. Vale de 50,00 euros. Consume en cooperativa de Meirás.
11. Chelo Fernández Dopico. Vale de 50,00 euros. Consume en cooperativa de Meirás.
12. María Medín Doce. Vale de 50,00 euros. Consume en Cervecería “O Gitano”. Jacobo Doce Pita.
13. Montse Rodríguez García . Vale de 50,00 euros. Consume en Restaurante “O Gitano”.
14. Begoña Couce Meizoso Vale de 50,00 euros. Doa a Servicios Sociais do Concello de Valdoviño e e se consume en “Carnicería Marina” por o usuario/a determinado polo departamento de servicios sociais.

#### PROPONSE :

O pagamento das cantidades indicadas a cada unha das empresas sinaladas elixidas polos destinatarios dos vales previa presentación de cadansúa factura.

Tendo en conta a realidade social actual e as circunstancias obrigadas que depara a pandemia, e, tendo en conta que algunhas das persoas para consumo do seu vale está a expensas da normativa que poda atañer ao establecemento de consumo elixido, permitírase un amplo prazo de presentación de facturación que en todo caso non pode ir máis aló do 31 de setembro de 2021.

En Valdoviño, 5 de marzo de 2021.

Técnico de xestión cultural

**Rita Díaz González.”**

Visto o informe da Técnico de xestión cultural que antecede, o Sr. Alcalde propón á Xunta de Goberno Local o pagamento das cantidades indicadas e da maneira expresada no informe e proposición da técnica.

**A Xunta de Goberno Local acordou en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros a aprobación da proposta.**

### **3º.- PROPOSTA DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL.-**

PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA SITUACIONES DE NECESIDADE

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de aprobación da axuda de emerxencia de Dº V.C.F. visto o informe de intervención do 05/03/2021 de existencia de crédito e visto o informe técnico da traballadora social Paula Fernández Dopazo, que se transcribe a continuación:

INFORME - PROPOSTA DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL PARA SITUACIÓNS DE NECESIDADE SOCIOECONÓMICA Paula Fernández Dopazo (Colex. 2116), Traballadora Social do Concello de Valdoviño, en relación coa situación social na que se atopa a persoa usuaria V.C.F.

#### INFORMO

1. Que foi valorada técnica e a demanda de cobertura de gasto derivado do tránsito a outra vivenda de alugueiro e cobertura de necesidades de carácter básico para a persoa arriba indicada, como ferramenta de impulso á economía individual da persoa e evitar así a aparición de futuras situacións de emerxencia e riscos, a curto-medio prazo, derivados da escasez de ingresos.

2. Situación persoal/familiar: 2.1. V.C.F.: persoa de 64 anos de idade, divorciado, sen rede familiar de apoio e dificultades económicas para cobertura de necesidades de carácter básico. Os seus ingresos son a pensión non contributiva de invalidez por importe mensual de 402,80 € (469,93€/mes coas pagas rateadas).

2.2. Actualmente reside nunha vivenda en alugueiro pola que paga a cantidade de 200€/mes en concepto de renda. O propietario da vivenda comunica o desexo de non renovar dito contrato, o cal finaliza no mes de outubro do presente ano. Por isto, iníciase proceso de acompañamento para a búsqueda de nova vivenda de alugueiro, adaptando a búsqueda á realidade económica da persoa.

2.3. Atópase unha vivenda con importe de alugueiro de 200€/mes máis gastos de suministros básicos (luz, auga e gas).

2.4. Realízase un cálculo estimado dos gastos mensuais da persoa derivados do uso desta nova vivenda e calcúlanse en 280€/mes, aproximadamente. Outros gastos regulares da persoa son 8€/mes en comisións bancarias, 15€/mes en gasto de teléfono e 60€/mes en alimentación e produtos básicos de hixiene e vivenda. A estimación de gastos ordinarios mensual é de 363€/mes, dispoñendo a persoa de 106,93€/mes, aproximadamente, para facer fronte a outros gastos para necesidades da vida diaria, así como imprevistos.

2.5. A persoa precisa apoio económico para normalizar o tránsito a outra vivenda pois debe mercar diferentes útiles para a vivenda e precisa, ademais, mercar roupa e calzado. Co pago dunha axuda económica para apoio no gasto de dúas mensualidade de aluguer e unha axuda para gasto de cobertura de necesidades básicas (alimentación e vestido), realízase así un impulso importante á súa economía persoal para facer fronte nun futuro, de xeito autónomo, a gastos imprevistos e con carácter urxente e evitar situación de desprotección social e económica.

3. Que existe crédito dispoñible na partida orzamentaria contemplada para tal fin para facer fronte ao gasto que se propón. PROPOÑO Conceder a axuda presentada, a favor de Don Vicente Castro Freire, para gasto de alugueiro do meses de abril e maio de 2021 por importe de 400€, e para gasto de cobertura de necesidades básicas por importe de

100€ co fin de facer fronte á situación exposta. IMPORTE TOTAL DA AXUDA DE EMERXENCIA = 500€ \*Que unha vez aprobada a concesión da axuda, sexa aboada directamente e mediante un único pago á persoa beneficiaria da axuda de emerxencia Don V.C.R., con DNI \*\*\*\* e número de conta bancaria \*\*\*\*\*.

PROPOÑO: Á Xunta de Goberno Local a aprobación da concesión da axuda de emerxencia social de Dª V.C.F “

PROPOÑO:

Á Xunta de Goberno Local a aprobación da concesión da axuda de emerxencia social de Dª V.C.F. por importe de 500 euros para sufragar os gastos derivados de aluguer de vivenda e necesidades de carácter básico.\*\*\* \*\*e número de conta bancaria \*\*\*\*\*  
En Valdoviño, a 05 de Marzo de 2021  
Alberto González Fernández O Alcalde”

**Despois de ver a proposta de Alcaldía que antcede á Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da mesma; omitíndose na acta por protección, os datos persoais da persoa beneficiaria, que serán trasladados polos servizos sociais á intervención municipal para facer efectivo o trámite da axuda.**

**4º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/14.-**  
PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2021/14 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 9 facturas ascende á cantidade de CENTO SEIS MIL DOUSCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (106.244,65 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

Visto o informe emitido pola intervención municipal en relación á aprobación e pago das facturas incluídas na citada relación.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

**PROPÓN:**

**APROBAR** a relación de facturas sinalada, F/2021/14 así como **AUTORIZAR** o correspondente pagamento por importe bruto de 106.244,65 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

A Xunta de Goberno Local, despois de ver a proposta de alcaldía transcrita e as facturas que compoñen a relación, acordou a súa aprobación mediante votación ordinaria e por unanimidade.

**5º.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN N.º 3: ABASTECIMIENTO DE AUGA EN BACORELLE (VALDOVIÑO) E OUTROS E DE CERTIFICACIÓN N.º 3: MELLORA DA SEGURIDADE VIAL EN ACCESO A ARIÑO (PANTÍN).-**

**PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓNS DE OBRA:**

Proposta de aprobación da certificación de obra n.º 3 “*Abastecemento auga en Bacorelle (Valdoviño) e outros*” do Concello de Valdoviño, asinada pola dirección de obra o 8 de febreiro de 2021 e inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño na mesma data. A correspondente factura foi presentada telemáticamente pola empresa adxudicataria **Excavaciones Saavedra y López, S. L.** o día 8 de febreiro de 2021 por importe de 23.896,40 euros.

Proposta de aprobación da certificación de obra n.º 3 “*Mellora da seguridade vial en acceso a Ariño (Pantín)*” do Concello de Valdoviño, asinada pola dirección de obra o 18 de febreiro de 2021 e inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño en data 19 de febreiro de 2021. A correspondente factura foi presentada telemáticamente pola empresa adxudicataria **Syr Amg, S. L.** o día 19 de febreiro de 2021 por importe de 48.927,20 euros. Toda vez que na mesma data, 19 de febreiro de 2021, foi presentada a certificación de obra n.º 2 da devandita obra (*Mellora da seguridade vial en acceso a Ariño (Pantín)*) por un importe de cero euros.

Tomando nota do indicado, PROPONSE que se adopte o seguinte acordo;

**PRIMEIRO.-** Aprobación da certificación de obra n.º 3 “*Abastecemento auga en Bacorelle (Valdoviño) e outros*” do Concello de Valdoviño e a correspondente factura número A 2021/A/2021008 de data 08/02/2021 con número de rexistro contable F/2021/423, emitida por **Excavaciones Saavedra y López, S. L.** e presentada no rexistro electrónico de facturas en data 9 de febreiro de 2021 por importe de 23.896,40 euros.

**SEGUNDO.-** Aprobación da certificación de obra n.º 3 “*Mellora da seguridade vial en acceso a Ariño (Pantín)*” do Concello de Valdoviño e a correspondente factura número 1 210004 de data 19/02/2021 con número de rexistro contable F/2021/453, emitida por **Syr Amg, S. L.** e presentada no rexistro electrónico de facturas en data 19 de febreiro de 2021 por importe de 48.927,20 euros.

**TERCEIRO.-** De conformidade disposto no artigo 21 da *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local* como Alcalde e ordenador de pagos, acordar e ordenar o pago dos importes citados que derivan do recoñecemento da obriga, así como recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da *Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes*. Así, o tipo de gravame a

aplicar será o 3% e o 1% do presuposto de execución material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente.

Polo tanto, ao importe total da certificación n.º 3 correspondente a obra “*Abastecemento auga en Bacorelle (Valdoviño) e outros*” deberán descontárselle 702,69 euros pola dirección e inspección de obra e 234,23 euros respecto a coordinación de seguridade e saúde.

Analogamente ao importe total da certificación n.º 3 “*Mellora da seguridade vial en acceso a Ariño (Pantín)*” deberán descontárselle 1.373,47 euros pola dirección e inspección de obra e 457,82 euros respecto a coordinación de seguridade e saúde.

**CUARTO.-** Aos efectos da toma de razón do endoso da factura emitida por Excavaciones Saavedra y López, S. L. correspondente á Certificación n.º 3 da obra denominada “*Abastecemento auga en Bacorelle (Valdoviño) e outros*” segundo a solicitude de endoso presentada en data 12/02/2021 e tal e como consta expresamente no propio rexistro contable F/2021/423, debería remitirse á Tesoureiría a documentación achegada para verificar a adecuada presentación da documentación e proceder ao abono da factura a favor do endosatario Banco de Sabadell, S. A. unha vez que conste presentada toda a documentación preceptiva para a tramitación do endoso.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica  
O Alcalde do Concello de Valdoviño;  
Asdo.; Alberto González Fernández.”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da anterior proposta de Alcaldía.**

#### **6º.- EXPEDIENTE CONTRATACIÓN: SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE INSTALACIÓNS PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO NAS PRAIAS DO CONCELLO.-**

**Expte.- 2019/C005/000004-Bis**

Vista a tramitación do expediente de contratación de: Subministro e instalación de instalacións portátiles de aseos e socorrismo nas praias do Concello, con subvención nominativa da Deputación Provincial- proxecto 2018-2-INPRA-1. Xestión dos areas do Concello de instalacións portátiles de aseos e socorrismo.

Documentación técnica dos arquitectos Iago Fernández Penedo- 4029 COAG e Oscar Fuentes Dopico- 4059 COAG; cun importe total de 84.700 euros (IVE incluído); IVE: 14.700,00€; prezo sen IVE: 70.000€.

Licitación: procedemento aberto, cun único criterio de adxudicación, factor prezo, tramitación ordinaria.

Visto que a Xunta de Goberno Local en data 18 de febreiro de 2020, adoptou o acordo:

“

**Primeiro.-** Considerando que a empresa **CIF: B70431424 INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS IMAFER, S.L** , presenta unha oferta que non incurre en baixa temeraria cun importe:

.Ofrece o seguinte prezo:

Prezo sen IVE.- 69.990,00 Euros

IVE: 21%. Importe: 14.697,90 euros.

Prezo total .- 84.687,90 euros.

**Requerir a dito licitador** para que no prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte á aquel en que reciba a notificación, **PRESENTE** a documentación sinalada na cláusula 16.- Adxudicación; do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación; incluía a garantía definitiva (5% do importe de adxudicación, excluído o IVE; 3.429,71 euros); aos efectos de poder serlle adxudicado o subministro e instalación de portátiles de aseos e socorrismo para as praias.

**Segundo.-** Notificar o presente acordo á citada entidade, para o seu coñecemento e efectos”.

E que en data 02.03.21 (registro entrada 202199900000317), a empresa presenta a documentación requerida e examinada a mesma, considerándose correcta, e constando tamén os informes de servizos económicos de non débedas da empresa co Concello,

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA** nesta sesión de 11.03.21:

**PRIMEIRO.- ADXUDICAR o SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE INSTALACIÓNS PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO NAS PRAIAS DO CONCELLO** á empresa **CIF: B70431424 INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS IMAFER, S.L** polo prezo sen IVE: 69.990,00 Euros. IVE.- 14.697,90 euros. **Prezo total.- 84.687,90 euros** e con prazo de execución de **DOUS MESES**.

**SEGUNDO.-** Dispor do gasto na correspondente aplicación orzamentaria.

**TERCEIRO.-** Nomear coma Directores de obra, de xeito colexiado Iago Fernández Penedo- 4029 COAG e Óscar Fuentes Dópico- 4059 COAG.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo á adxudicataria e requerirlle para formalizar o contrato; e aos Directores de obra para que exerzan as súas funcións derivadas do designamento.

**QUINTO.-** Publicar a adxudicación.

PARTE DE ACTIVIDADE

## **7º.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PARA A SEGURIDADE DO COVID-19.-**

Asistentes:

Alberto González Fernández - Presidente

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Alejandro Antonio Garcia Sousa

Jessica Sabín Fernández

Alude o Sr. Alcalde a Orde da Consellería de Sanidade e ao Decreto 40/2021 do 10 de marzo, no que se sinalan os niveis dos concellos, atopándose Valdoviño en nivel medio.

## **8º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo rogos e preguntas

Sen ningún outro asunto a tratar , sendo as dez horas e vinte minutos a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente , e coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

*Documento asinado dixitalmente á marxe pola Secretaria Municipal e polo Alcalde*